



**asdecomor**

Asociación de Desenvolvemento  
Comarca de Ordes

## **ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA INICIATIVA COMUNITARIA LEADER GALICIA 2014-2020 DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES (PRAZAS DE XERENTE E ADMINISTRATIVO): ENTREVISTA PERSOAL E VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Sendo as 10:45 horas do día 29 de novembro de 2016, na Casa da Cultura de Xanceda, no Concello de Mesía, reúnen, sendo previamente convocados ao obxecto da entrevista persoal e valoración de méritos dos/as candidatos/as que superaron a proba escrita para cada posto (Director/a – Xerente e Administrativo/a) de ASDECOMOR conforme ao establecido nas bases da convocatoria para cada praza en concurso, os membros que conforman a Comisión Avaliadora que a continuación se relacionan:

1. D. Mariano Iglesias Castro.
2. D. Antonio Pereiro Liñares.
3. D. Manuel Míguez Villaverde.
4. D. Javier Blanco Carballal.

Actúa como Presidente desta Comisión don Mariano Iglesias Castro, dando fe o Sr. Secretario don Antonio Pereiro Liñares.

Asiste, en representación de AGADER, con voz pero sen voto, don Javier Blanco Carballal, en calidade de Subdirector de Relacións cos GDR.

Comezan as **entrevistas persoais** ás 11:00 horas, procedendo ao chamamento dos/as candidatos/as, que superaron a proba escrita, para participar na entrevista do proceso de selección do posto de Director/a. Neste caso don Domingo Manuel Lojo Caamaño. O candidato asistente presenta o seu DNI.

Ás 11:25 horas, procédese ao chamamento dos/as candidatos/as, que superaron a proba escrita, para participar na entrevista do proceso de selección do posto de Administrativo. Neste caso dona Sonia Ponte Sueiro. A candidata asistente presenta o seu DNI.

Rematando as entrevistas ás 11:45 horas.

Os membros da Comisión Avaliadora volven a reunirse ás 12:00 horas para outorgar puntuación pola entrevista persoal e proceder á valoración de méritos dos/as candidatos/as.

Póñense en común as **puntuacións definitivas** acadadas polos/as distintos/as candidatos/as ás diferentes prazas que quedan como seguen:



**asdecomor**

Asociación de Desenvolvemento  
Comarca de Ordes

- **Praza de Director/a – Xerente:**

CANDIDATO	DNI	PROBA ESCRITA	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
Domingo M. Lojo Caamaño	76360767P	45	20	23,90	88,90

- **Praza de Administrativo/a:**

CANDIDATO	DNI	PROBA ESCRITA	ENTREVISTA	MÉRITOS	TOTAL
Sonia Ponte Sueiro	53166908Q	46	15	24,00	85,00

**ACÓRDASE** en virtude das cualificacións globais obtidas polos aspirantes ás distintas prazas, **a contratación das seguintes persoas:**

Praza de Director-Xerente: don Domingo Manuel Lojo Caamaño. NIF 76360767P.  
Praza de Administrativa: dona Sonia Ponte Sueiro. NIF 53166908Q.

**ACÓRDASE** así mesmo publicar no taboleiro de anuncios e na Web da Asociación a relación das puntuacións totais obtidas.

Non habendo máis asuntos que tratar, lida esta acta por todos os asistentes, apróbase por unanimidade, asinando todos en proba de conformidade. Levántase a sesión sendo as 13:30 horas do día 29 de novembro de 2016.